

PREGO DE PRESCRIPCIÓN TÉCNICAS QUE REXIRÁN A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABIERTO, OFERTA ECONÓMICA MÁIS VENTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DENOMINADO ESCOLA DE VERÁN NO CONCELLO DE AMES

A prestación axustarase ás condicións sinaladas neste Prego de Prescripcións Técnicas, no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e nas bases que regulan este servizo e que serán aprobadas e revisadas anualmente.

CARACTERÍSTICAS DO SERVIZO ESCOLA DE VERÁN

1-OBXECTIVOS DO PROGRAMA

O servizo de Escola de Verán é un servizo que presta unha oferta educativa e de ocio concibida para conciliar a vida laboral e familiar. Pretende ser unha alternativa que ocupe o tempo de lecer dos nenos e nenas de xeito divertido e educativo.

O programa desenvolverase nos meses de xullo e agosto, de luns a venres, agás festivos.

Obxectivos xerais

- Ofrecer unha alternativa de ocio e tempo libre aos nenos e nenas do concello de Ames no período estival.
- Fomentar a convivencia entre os nenos/as, recoñecendo, valorando e cumplindo as normas sociais relacionadas co respecto a un mesmo e os outros.
- Valorar e gozar da actividade física de cara ao seu benestar físico e mental, practicando hábitos de hixiene persoal e demostrando respecto polo contorno.
- Coñecer, identificar e utilizar as habilidades e destrezas básicas fundamentais para levar a cabo as actividades propostas facilitando o crecemento individual, fomentando a participación solidaria, a responsabilidade, as relacóns de cooperación, a observación, etc., aceptar as diferenzas individuais e manifestar respecto e tolerancia para facilitar unha convivencia harmónica, que favoreza o desenvolvemento da propia identidade, a madurez persoal e a progresiva toma de decisións.
- Facer un uso correcto dos recursos e materiais empregados e utilizar formas de comunicación expresivas, corporais, visuais, plásticas e musicais, desenvolvendo o sentido estético e a creatividade

Obxectivos específicos:

- Promover e coordinar actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación.
- Apreciar o diálogo, o intercambio e a cooperación como forma de mellorar a convivencia dentro do grupo.
- Respectar e valorar o propio traballo e o dos demás afianzando a identidade e a autonomía persoal.
- Valorar positivamente a imaxinación, a creatividade e o sentido lúdico.
- Capacitar aos nenos e nenas para a toma de decisións.
- Ser respectuosos co medio natural e social da súa contorna.
- Respectar e coidar as instalacións e o material, tanto o propio como o comunitario.
- Experimentar o xogo e o deporte como obxecto de pracer e divertimento así como un recurso para aproveitar o tempo libre.
- Educar en igualdade.

- Potenciar os hábitos de hixiene persoal
- Crear situacións de animación acordes á etapa evolutiva de cada neno/a.
- Reforzar as capacidades individuais que favorezan un bo desenvolvemento físico e psicolóxico a curto e longo prazo.

2.- INSTALACIÓNES:

As actividades da Escola de Verán terán lugar preferentemente nos centros que nos últimos anos adoitan ser os seguintes:

- CEIP A Maía, (sito en Avda. da Peregrina, s/n – Bertamiráns).
- EEI de Milladoiro, (sito na Travesa do Porto, s/n – Milladoiro).
- Pavillón polideportivo de Milladoiro (sito na Travesa do Porto, s/n – Milladoiro).
- Casa de cultura de Milladoiro, (sito na Travesa do Porto, s/n – Milladoiro).

3.- RATIO DE MONITORES

A ratio de monitores do servizo está fixada en 1 monitor por cada grupo de 15 usuarios/as, coa salvedade dos nenos/as que precisan unha atención específica en función das súas circunstancias concretas, debido a necesidades específicas de apoio por algunha discapacidade ou enfermidade diagnosticada que ocasiona unha reducida autonomía ou dificultades no desenvolvemento sensorial, motriz ou cognitivo.

Esta ratio de 1 monitor por cada grupo de 15 usuarios/as é a ratio teórica e ten as seguintes particularidades:

- Será determinada por localidade (Bertamiráns e Milladoiro) e por quincenas, en función dos nenos e nenas matriculados/as no servizo en cada quincena e en cada localidade. Tamén se terá en conta as especiais características do servizo desenvolvido no Milladoiro, en instalacións separadas no horario de 9:00 a 14:30h., sendo necesario desprazar aos nenos/as desde unha instalación ata outra, en función do horario solicitado.
- A empresa, sempre que non sobrepase o número de monitores autorizados, poderá reforzar a atención dos mais cativos reducindo a dos de maior idade.

Atenderase a necesidade de monitores de apoio para os nenos e nenas con necesidades específicas mencionadas anteriormente, o Concello analizará a necesidade en cada caso concreto. Os nenos e nenas dotados dun monitor/a específico non contarán para o cálculo da ratio xenérica.

Calquera alteración no número de monitores que se orixe neste servizo será previamente autorizada por escrito polo Concello.

4.- NUMERO ORIENTATIVO DE USUARIOS NOS ÚLTIMOS ANOS

A nivel orientativo e non contractual ofrecemos o número de alumnos asistentes ao servizo nos últimos cinco anos:

ANO	Nº nenos beneficiarios
2010	376
2011	357
2012	318
2013	366
2014	326

5.- CALENDARIO E HORARIO

O servizo desenvolverase nos meses de xullo e agosto en Bertamiráns e O Milladoiro de luns a venres, excepto festivos, nos locais habilitados polo concello.

Horario do servizo:

O servizo abrangue de 7:30 h. a 16:00 horas, comprendendo os seguintes tramos:

- De 7:30 h. ás 9:00h: Iníciase o programa cun servizo “Bos Días”, que inclúe opcionalmente o almorzo. O servizo de almorzo só funcionará ata as 8:30 h.
- De 9:00 h. ás 14:30 h: desenvolvemento das actividades de lecer e educativas propias do servizo.
- De 14:30 h. ás 16:00 h: comedor e xogo libre.

Os nenos e as nenas que non usen o servizo de comedor deberán ser recollidos/as antes das 14:30 h. e os usuarios do comedor antes das 16:00 h.

Tramos de horarios do servizo:

Os tramos horarios que o usuario/a poderá solicitar para utilizar o servizo son os seguintes:

- De 7:30 a 16:00 h. (podendo escolher con ou sen almorzo)
- De 7:30 a 14:30 h. (podendo escolher con ou sen almorzo)
- De 9:00 a 14:30 h.
- De 9:00 a 16:00 h.

Nos tramos horarios de 7:30 a 16:00 horas e tamén de 9:00 a 16:00 horas inclúese o xantar.

Os nenos participantes na Escola de Verán deberán cumplir o horario establecido cun marxe de 15 minutos á entrada.

En caso de non asistencia dos nenos ao servizo sen causa xustificada, o Concello, unha vez dada audiencia os pais/nais, tomará unha decisión sobre a continuidade ou non do neno/a na Escola de Verán.

O Concello aporta as instalacións, así como as súas labores de limpeza e conserxería.

A responsabilidade do control e coidado dos/as nenos/as polos monitores/as responsables abrangue exclusivamente a franxa horaria de funcionamento do servizo.

3. 6.- CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

6.1- O proxecto para a Escola de Verán

O proxecto ofertado pola empresa deberá conter unha programación pedagóxica integrada dentro dun proxecto educativo que inclúa todos os obxectivos recollidos neste prego adaptada a realidade, tempos, quendas de comida, instalacións, espazos dispoñibles e posibles condicións meteorolóxicas.

6.2 Programación.- Incluirá como mínimo os seguintes puntos:

- **Temática central, descripción.**
- **Obxectivos:** xerais e específicos que se pretende acadar ao finalizar as actividades.
- **Metodoloxía a empregar**
- **Organización temporal:** horario diario pormenorizado e programación diaria.
- **Actividades:** programa detallado das actividades por días e horas, adaptadas aos

grupos de idade ó que vaian dirixidas.

As actividades deberán adaptarse ás características dos usuarios e aos espazos dispoñibles.

Descripción detallada das actividades por días e horas, con programación alternativa no caso de non poder levar a cabo a programación orixinal, e aquelas que teñen por obxecto ocupar os tempos residuais.

Adaptacións, no seu caso para nenos/as con necesidades educativas especiais.

Organizaranse ao redor do proxecto educativo presentado e serán imprescindibles aquelas que contribúan a mellorar a convivencia, desenvolvemento físico, educación en valores, igualdade de xénero, autoestima, creatividade, expresión corporal, educación para a saúde e en valores, toma de decisións, etc.....,

O proxecto deberá incluír actividades conducentes ao coñecemento do Concello de Ames.

• **Recursos:**

- **Persoais.**- estarase ao disposto no “Prego de cláusulas administrativas”.
- **Materiais.**- Descripción dos materiais que precisen para desenvolver as actividades programadas. A empresa adxudicataria deberá ter en conta as distintas particularidades dos nenos/as que presenten algún tipo de intolerancia ou alerxia.
- **Avaliación:** O proxecto deberá describir o modo de avaliación que pensa realizar.
- **Outros:** Plan de acción no caso de accidentes, saídas culturais,.....
- Deberá incluír un **servizo de cátering** para o almorzo con estas características mínimas:

Os menús servidos serán variados, equilibrados, saudables, suficientes e adaptados as necesidades nutricionais de cada grupo de idade.

- O almorzo deberá estar composto polos seguintes grupos de alimentos: lácteo, cereal e froita.
- Deberase dispoñer de menús alternativos para necesidades específicas de apoio nutricional, por alerxias, intolerancias e outras enfermidades. Estas dietas especiais serán de obrigado cumprimento para o contratista, sen que supoña aumento algúin no custe do servizo.
- Se porá a disposición das familias información dos produtos utilizados para a elaboración dos menús.
- Serán tamén de obrigado cumprimento as condicións de hixiene, sanidade, calidade e seguridade alimentaria estipuladas nas disposicións vixentes.

7.- REQUISITOS SOLICITADOS Á EMPRESA

As empresas licitadoras do procedemento de contratación do servizo de Escola de Verán deberán cumplir todos os requisitos que se establezan nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas do concurso, e en todo caso:

- a) Acreditar a formalización dun seguro de responsabilidade civil nos termos que sinale o prego de cláusulas administrativas particulares do concurso para o servizo de Escola de Verán, e estar ao día no seu pagamento.
- b) Acreditar a formalización de contrato laboral a todos os seus traballadores e a alta na Seguridade Social.
- c) Acreditar que están ao día no pagamento á Seguridade Social e á Facenda Pública
- d) Garantir que os seus monitores teñan a formación e os requisitos adecuados.
- e) Proporcionar aos coordinadores/as do servizo un teléfono para a comunicación

co Concello e cos pais/nais/titores dos usuarios/as

f) Facilitar ao monitorado que se vaia encargar das funcións correspondentes nos horarios de almorzo e xantar, o vestiario adecuado (batas, calzado, gorros e guantes, ...etc).

8.- REQUISITOS E FORMACIÓN DOS MONITORES

- Ser maior de idade
- Dispor da formación mínima: título de monitor de tempo libre
- Tamén poderán acceder aquelas persoas que sen ter o título de monitor de tempo libre, teñan a titulación de Maxisterio, Psicoloxía, Pedagoxía, Psicopedagoxía, Traballador Social, Animación Sociocultural, Educación Social, Ciclo Superior en Educación Infantil, ou outros estudos relacionados co educación.
- Posuér coñecementos do galego, oral e escrito, para desenvolver todas as actividades propias do seu traballo en lingua galega.
- Dispor do carné de manipulador de alimentos
- Dispor da formación suficiente en primeiros auxilios
- Acreditar mediante certificado médico que non padece ningunha enfermidade física ou psíquica que entrañe perigo ou risco para os nenos/as e para as demais persoas.
- Posuér actitudes e aptitudes de paciencia para o trato cos nenos e nenas, responsabilidade, saber traballar en equipo, tolerancia e respeto hacia os usuarios e compañeiros.
- Ter capacidade de traballo para responder á demanda do servizo.

O número exacto de monitores do servizo de Escola de Verán fixarase atendendo ás problemáticas específicas como enfermidades, discapacidades, problemas de conducta, alimentación, integración, etc, e decidirase polo concello, unha vez coñecidos os/as usuarios/as inscritos no servizo.

O censo de usuarios/as actualizarase cunha periodicidade quincenal, e pode variar o número de monitores segundo as variacións do censo.

A nivel orientativo, e sen carácter vinculante, establecese unha ratio de 1 monitor por cada 15 usuarios, pero ésta poderá modificarse á alza ou á baixa en función das variables indicadas anteriormente e das necesidades do servizo.

9.- FUNCIÓNOS DOS MONITORES

Os/as monitores do servizo terán as seguintes funcións:

- Levar a cabo o desenvolvemento da programación presentada para Escola de Verán
- Atender e custodiar aos nenos/as durante a duración do servizo.
- Resolver as incidencias cotiás de carácter menor que puideran presentarse durante ese tempo, e en caso de dúbidas solicitar ás instrucións pertinentes ao responsable municipal do servizo.
- Pór as mesas e os utensilios para cando cheguen os nenos/as ao comedor.
- Controlar diariamente as asistencias e ausencias dos nenos/as ao servizo.
- Atender a adecuada hixiene dos nenos/as antes e despois das comidas.
- Acompañar aos nenos/as o seu grupo ao sitio que lles corresponda na mesa e instruílos para que o recollan e limpen canto terminen de comer, segundo as súas capacidades e idade.
- Realizar o reparto dos alimentos atendendo a que os rapaces adquiran hábitos alimenticios correctos e segundo as instrucións do Concello para o axeitado funcionamento xeral do servizo.
- Motivar, controlar e supervisar a alimentación dos/as nenos e instruílos na

- adopción de hábitos hixiénicos e de bó comportamento na mesa.
- Administrar medicación aos nenos/as, só en casos especiais e previa autorización e solicitude por escrito do seu pai/nai/titor, e coas oportunas instrucións por parte do Concello.
 - Inculcarllles aso nenos/as a necesidade de respetar o horario, as normas de convivencia establecidas e as instalacións, o mobiliario e o material.
 - Deixar recollido o comedor e limpo o mobiliarios e utensilios de cociña, así como os espazos para a realización de actividades complementarias.
 - Atender aos pais, nais ou titores por teléfono ou persoalmente para cuestións estritamente técnicas relacionadas coa atención diaria dos nenos e nenas. En todos os demais casos, deberán informar en todo momento ao empregado municipal.
 - Facer entrega dos nenos/as do servizo Escola de Verán aos seus pais/nais/tidores.
 - Desenvolver aquelas funcións que se lles atribúa dende o Concello para o correcto funcionamiento do servizo.

10.- TRATAMENTO DE NENOS QUE PRECISAN APOIO ESPECIFICO.

Distínguese a atención ou apoio que requiren os nenos e nenas que precisan un menú adaptado debido a alerxias, intolerancias ou outras enfermidades, dos nenos e nenas que precisan atención especial por outras razóns ligadas a unha baixa autonomía ou a dificultades no desenvolvemento motriz, sensorial ou cognitivo.

As/os monitoras/es recibirán a información e instrucións oportunas dende o Concello, refiridas á atención e coidado adecuado que require o menor, así como os riscos existentes e as medidas preventivas que deberán cumplir rigorosamente.

A empresa deberá organizarse para que os monitores/as reciban con fluidez a información oportuna sobre os riscos existentes e as medidas preventivas que deberán adoptarse, dando cumprimento ás pautas de seguridade para o tratamento destes nenos/as.

O Concello tamén proporcionará as instrucións para que os monitores e monitoras poidan proceder en caso de dúbidas, reaccións alérxicas e outras situacións previsibles que poidan darse.

1.- Tratamento específico por alerxias, intolerancias ou outras enfermidades que requiran menús adaptados:

Neste caso estes nenos/as precisan, por un lado, o menú adaptado ás súas necesidades en condicións de seguridade, labor de cociña, e, por outro lado, necesitan que se tomen as precaucións adecuadas para que efectivamente realicen a inxesta do menú adaptado e non accidentalmente a do menú basal, o que en algúns casos podería ser un erro con graves consecuencias, incluso mortais, no caso dos alérxicos, por risco de shock anafiláctico. Os monitores/as recibirán dende o Concello as instrucións para reaccionar no caso anterior co fin de proporcionar ao neno/a o auxilio necesario, así como para a manipulación, en caso necesario, das inxeccións de adrenalina.

Estes nenos/as estarán integrados co seu grupo de iguais e non serán separados por causa do tratamento específico que requiren.

2.- Tratamento específico por baixa autonomía ou dificultades no desenvolvemento motriz, sensorial ou cognitivo:

Neste caso estes nenos/as necesitan unha atención especializada adaptada ás súas necesidades concretas e á súa evolución, o que require unha valoración particular para cada caso. Esta valoración será realizada en conxunto polo Concello, a empresa de monitores e o pai/nai/titor do neno/a, que acordarán a atención adecuada que require o menor, así como os riscos existentes e as medidas preventivas que deberán adoptarse.

Na medida do posible intentarase integrar a estes nenos/as co seu grupo de iguais.

11.- RECURSOS DIDÁCTICOS PARA ACTIVIDADES

En xeral estes recursos serán aportados pola empresa adxudicataria dos monitores, tendo en conta as instrucións preventivas do Concello ante calquera circunstancia relacionada coa seguridade dos nenos/as. Instrucións referidas ao tamaño, composición,



características, condicións e hixiene destes recursos, para a prevención de posibles riscos en xeral, así como riscos específicos, como pode ser o caso de haber nenos/as alérxicos/as ao látex, ou a calquera outro compoñente.